

Hotel Florida

Avd. Finisterre, 19

15142 Arteixo (A Coruña)

Teléfono: 981 633 084

Web: www.hotelfloridaarteixo.com

Email: recepcion@hotelfloridaarteixo.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorna inmediata ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e algún obstáculo

Acceso

- Dispón de aparcamento exterior propio, contiguo ao restaurante, pero sen prazas reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida (**PMR**)
- A entrada principal ten unha rampla de acceso
- A porta é de apertura manual, de vidro, de dobre folla e cun ancho libre de paso **67 cm** cada unha

Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,10 m**, non adaptado para persoas usuarias de cadeira de rodas

Habitación Adaptada (Nº 104)

- Nº habitacións adaptadas: **1**. Está na **1ª** planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada abre cara a dentro e mide **81 cm** de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de 360 ° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **1,10 m**.
- O dormitorio dispón de dúas camas individuais a unha altura de **61 cm**, accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de **1,71 m** de ancho e polo dereito de **81 cm**.
- As portas dos armarios teñen tiradores de fácil apertura. As *baldas están situadas a unha altura entre **35 cm-1,33 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparellos de control de temperatura están a unha altura de **89 cm**.

Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de **78 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **71 cm** de ancho polo lado dereito e pola fronte de **1,23 m**. O asento está a unha altura de **48 cm** e o mecanismo de descarga a **79 cm**.
- Ten un reposabrazos abatible a cada lado a unha altura de **75 cm** e cunha separación entre ambos de **60 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 **cm** de alto e **48 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é **de 1,15 *m** e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

Ducha

- A ducha ten un espazo lateral libre de obstáculos para acceder a ela de 77 **cm**.
- O prato da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- A ducha dispón dunha barra de apoio abatible na parede contraria ás billas e unha barra de apoio horizontal e fixa na parede contraria, a unha altura de 67 e **82 cm**.
- A billa é monomando e está situado a unha altura de 90 **cm**.

Aseo adaptado en zona común

- Existe un aseo adaptado situado na cafetería e o itinerario é accesible
- Dispón dunha cabina adaptada
- Non dispón de sinalización exterior co SIA
- A porta de acceso, tipo corredía con tirador vertical, e a da cabina teñen un ancho libre de paso de **80 cm** de ancho
- O mecanismo de peche é de chaveta manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Existe posibilidade de realizar un xiro de 1, **36 m** de diámetro.
- O control de iluminación realízase por sensor de presenza
- Non dispón de sistema de alarma

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 99 **cm** de ancho polo lado esquerdo e 90 **cm** polo lado dereito. Pola fronte existe un ancho **de 1,50 m**.
- O inodoro ten a unha altura de 45 **cm** e a altura do mecanismo de descarga a 81 **cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 60 **cm** de altura e polo lado esquerdo unha barra fixa, cunha separación entre ambas as de 68 **cm**.
- O mecanismo de descarga de cisterna é pulsador

Lavabo

- A billa é monomando.
- O espazo inferior de aproximación ao lavabo é **de 61 cm** de alto, **210 cm** de ancho e **57cm** de fondo.
- O espello é fixo. A altura do bordo inferior do espello é **de 1,30 m** e o superior a 2,10 **m**. O resto dos accesorios do aseo (xaboneira, secamáns,...) están a unha altura máxima de 1,40 **m**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada principal ten dous chanzos, cuxos bordos non están sinalizados con franxas antiescorregadizas de cor contrastada. Xunto a ela existe outra porta cunha rampla de acceso como itinerario alternativo accesible.
- A porta é de apertura manual, de vidro e está sinalizada co logotipo do hotel de maneira insuficiente.

- Hai un felpudo sen ancorar ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

Habitación estándar (nº103)

- O número das habitacións indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é **de 50 cm**.
- A porta do cuarto de baño presenta contraste de cor con respecto á parede.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Habitación estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de *teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe á beira da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos comúns non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a localización das distintas estancias e servizos, presentan contraste de cor e pero non están complementadas en braille ou altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Localización	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante	Planta baixa	Accesible polo interior do hotel e polo exterior cunha rampla de 7 m de lonxitude, 1,75 m de ancho e o 8,5% de inclinación. Ten pasamáns no lado dereito de subida.	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 79 cm , Altura baixo mesa: 70 cm Ancho baixo mesa: 89 cm , Fondo baixo mesa: 72 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,10 m Mesas cadradas. Altura de mesa: 80 cm , Altura baixo mesa: 73 cm Ancho baixo mesa: 32 cm , Fondo baixo mesa: 71 cm Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Chan de textura e cor distinto en inicio e final: Non

			Con tabica: Se . Con bocel: Si Zócalo de protección lateral: Non Pasamáns: a ambos os dous lados . Oco baixo a escaleira protexido: Si
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,14 m Ancho da porta: 80 cm Ancho e fondo de cabina: 1,07 x 1,36 m Altura dos botóns de mando: entre 1,05 e 1,20 m Altura do pasamáns: 90 cm Espello fronte á porta: Non Chan de textura e cor distinto fronte a porta: Non Cabina con sinais sonoros: Non Botóns con números en altorrelevo: Si Botóns con números en braille: Si Botóns de cor contrastada: Non Cabina con sinais visuais: Si Botón de emerxencia cunha testemuña luminosa que confirme o rexistro da chamada: Non
Sala de reunións	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Ancho da porta: 85 cm Mesas rectangulares. Altura de mesa: 80 cm , Ancho baixo mesa: 50 cm